

O paraíso nunhas castañas



Salamaleikum. Saúdo na miña lingua, porque sei que vostedes teñen un idioma propio e esas palabras que me ensinou a miña nai, un feixe delas, devólvenme ao berce, a unha vida, a da infancia, na que, malia non ter nada, nin auga nin luz, mantiñamos o sorriso como o mellor xeito de recoñecernos. Conto coa axuda de Aurora, unha amiga, que vai transcribindo cada verba, agardo non tardar en expresarme na súa lingua.

Yego lou gal ndi rir, é un dito no meu idioma, o wolof, que significa: recolles o que sementas. Escribo para que se entendan outras realidades, outras vidas e crear unha Irmandade da Luz. Non perder a capacidade de ollar por nós mesmas, non renderse ante a adversidade.

A miña é unha historia de fronteiras que saberedes como se repite e aumenta nestes días. Sufrir e fuxir; a fortuna sobre un caiuco. Marchei antes de que fose vencida, antes de que me matasen. Creo que xa foi tarde de máis. Ben sei, que podedes ollar cara outro lado, facer como que non existen mulleres coma min, as que nada teñen, ás que todo arrebatan. No meu país, as mulleres non contan. Queren facer de nós unhas escravas. Dende que es unha nena xa che din: “Se queres ir ó Paraíso, tes que facer caso o home”. Eu pertencía a un clan e foime “asignado” un home co que debía casar. Case non coñecía a Youssef. Deixei-me levar, máis ben, fun aceptando o que me viña dado. O peor non foi que case non tivésemos para comer; o peor foi o que estaba por vir. Converteume nunha estatua de sal, tiña prohibido saír da casa e non me deixaba falar con ninguén. Só cando el non estaba, sentíame menos atoldada. Pasaba as horas tocando o *yembé*, o tambor con forma de copa que fixen eu mesma con madeira de cedro e con pel de cabra. Era o meu xeito de distraerme, diría que algo máis: cando batía sobre el con aquel ritmo repetido, sentía que estaba a pedir auxilio.

Un día, cando xa non podía máis, saín da casa e ao volver, deume unha malleira á que se foi sucedendo outra e máis outra. O peor aínda estaba por chegar. En varias ocasións,

violaranme el e máis outros camándulas, miserables. O medo habitaba en min e ninguén me quixo escoitar. Armeime de valor; lume de sangue para sobrevivir.

Só tiña unha opción: liscar. A outra opción era a morte. Consegúin fuxir e aínda non sei como, porque todo estaba na miña contra. Foron varios treitos. Tiven que pagar 300 francos por embarcar nun caiuco, nunha viaxe á morte. Era a única muller no grupo. Consegúin chegar a Saint-Louis e alí estaba o caiuco que me levaría a un lugar mellor. A viaxe, que tería que durar quince días, interrompese antes de tempo. Só nos salvamos dous homes e máis eu. A min rescatoume un barco de pesca galego que me levou a ese país, tan diferente ao meu. Chovía a mares e así foi durante moitos días. Lembro que cando cheguei a terra dende Senegal, tremelicaba de frío, co *boubou* enchoupado de humidade, unha muller moi velliña que pasou ao meu rente, ofreceume unha ducia de castañas. Díxome que as comese con xeito porque cada unha delas, significa liberar a un alma que está no Purgatorio; a humildade da Terra. Pensei en quen marcha do seu fogar por medo, por violencia e lembrei un conto que lle escoitara: *A pel dos crocodilos*. Hai moitos anos, os crocodilos tiñan en toda África unha pel fina, lisa e dourada que reflectía toda a forza e feitizo da lúa. Unha fermosura nunca denantes vista. Os crocodilos só saían de noite; ese era o pacto. Non lles debeu chegar. Sabían que a beleza da súa pel, provocaba unha gran admiración, mesmo envexa entre os demais animais e o resto dos seres vivos. Quixeron lucirse e saíron en plena luz do día e o sol era tan forte que lles quedou a pel tal e como teñen agora. Os demais animais deixaron de admiralos e sentiron unha gran vergonza, por iso cando se lles achegaba alguén, agóchanse baixo o auga. Eu non quero vivir con medo, agocharme, desexo mostrarme tal e como son: unha guerreira do Mar.

Tantos anos despois daquela travesía mortal e por fin cos papeis en regra, quixera manter a esperanza de volver un día ao meu país e vivir nunha casa de cunchas mariñas onde non exista a dor nin a inxustiza que luxa toda esperanza dunha vida mellor.

